



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000058.- XERMADE.- Rehabilitación de firme LU-P-2201 e ramal, LU-P2203, LU-P-2205, LU-P-2213 núcleo Xermade.

2026/CON_02/000060.- PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4201 "Pacios (LU-633) - Mosteirovello - LU-611" p.k. 4+173 a 8+085.

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 19 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1666

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- crédito extraordinario- financiado por remanentes de tesourería, por acordo do Pleno extraordinario do 18/06/2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, 19 de xuño de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1667

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- suplemento de crédito- financiado por remanentes de tesourería, por acordo do Pleno extraordinario do 18/06/2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince

días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, 19 de xuño de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1668

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17/06/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a maio 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a maio 2026 terá lugar neste municipio dende o día 18 de xuño de 2026 ata o día 17 de agosto 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de xuño de 2026.- O alcalde P.S., Manuel Diéguez Carballo.

R. 1660

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/06/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2026 terá lugar neste municipio dende o día 16 de xuño de 2026 ata o día 17 de agosto de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de xuño de 2026.- O alcalde P.S., Manuel Diéguez Carballo.

R. 1661

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 11/06/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondentes o exercicio de 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado

Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente o exercicio de 2026, terá lugar neste municipio, dende o día 15 de xuño de 2026 ata o día 17 de agosto de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de xuño de 2026.- O alcalde P.S., Manuel Diéguez Carballo.

R. 1662

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía nº 2025-0182, ditada o día 24/06/2025, aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación de UNHA brigada de prevención e defensa contra incendios e TRES traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Folgoso do Courel para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón-conductor
- 3 peóns de brigada
- 3 conductores de motobomba

Duración dos contrato: tres meses

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 15.00 horas, de luns a venres o por medios electrónicos.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel: <https://folgosodocourel.sedelectronica.es/info.0>

Folgoso do Courel, 19 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1669

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións ANEXAS, PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS E DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN INTERNOS E EXTERNOS DO MES DE MAIO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 15.06.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente o servizo de abonados e do servizo de cursos de natación internos e externos do mes de maio do 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 30.06.2026 ata o 31.08.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 16 de xuño de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1663

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA MAIO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 15.06.2026 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de MAIO 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 15.07.2026 ata 15.09.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 16 de xuño de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1664

Anuncio

EXPOSICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2025

Unha vez formada a Conta Xeral do exercicio 2025, integrada polas do Concello e do Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, logo de ser ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 22/06/2026, exponse ó público, xunto cos xustificantes e o ditame da Comisión, polo prazo de quince días hábiles, para que durante os cales os interesados poidan presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co artigo 212.3 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Monforte de Lemos, 22 de xuño de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1686

AS NOGAIS

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía nº 2026-0188, do 18 de xuño de 2026, aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación para a formación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para

a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón-conductor
- 3 peóns de brigada

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 18 de xuño de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1670

OUROL

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2025 expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día dezoito de xuño de dous mil vinte e seis. Durante este prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212, parágrafo 4º, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ourol, dezoito de xuño de dous mil vinte e seis.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1671

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 10/06/2026 os padróns do prezo público polo servizo de madrugadores do mes de maio, e o padrón de SAF do mes de maio; por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 10 de xuño de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1665

XOVE*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 18 de xuño dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 11/2.026, de Crédito Extraordinario

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 18 de xuño de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1672